

Resolución pola que se convoca proceso selectivo para dous postos de profesorado a tempo parcial para a materia de Bioquímica para o curso 2019-2020, da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense

En uso das atribucións conferidas polo Decreto 242/2008, do 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e o órganos de goberno das Escolas Universitarias de Enfermería dependentes da Consellería de Sanidade (DOG 30 de outubro de 2008), e Regulamento de centros adscritos á Universidade de Vigo aprobado polo Claustro Universitario de 20 de decembro de 2007, o Presidente do Padroado da Escola Universitaria de Enfermería convoca dous postos de profesorado a tempo parcial na Escola Universitaria de Enfermería de Ourense

Para impartir a materia de **Bioquímica**

CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE:

Docencia: Bioquímica

Centro: Escola Universitaria de Enfermería de Ourense, adscrita á Universidade de Vigo.

Funcións a desenvolver: Docencia, planificación, coordinación e avaliación da materia, e así coma todas aquelas obrigacións docentes que conleve a súa inclusión no cadro de profesorado do Centro.

Horario: Tarde.

Número de horas: 65 a distribuír entre as/os dúas/ous docentes.

Curso: 2019-20.

VINCULACIÓN Á AREA DE COÑECEMENTO: Ciencias da saúde

DEDICACIÓN : Parcial.

TITULACIÓN ESIXIDA: Graduado ou Licenciado do ámbito das Ciencias da saúde.

1. REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

1.1 Estar en posesión do correspondente título académico.

1.2 Posuír a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España ou ter recoñecido tal dereito por norma legal.

1.3 Non padecer enfermidade nin limitacións físicas ou psíquicas que impidan o desempeño das funcións correspondentes ao posto convocado.

2. SOLICITUDES:

- O prazo de presentación das solicitudes finalizará o día 24 de maio de 2019.

- Os/as interesados/as deberán presentar unha solicitude (Anexo I) acompañada de toda a documentación xustificativa dos requisitos e méritos debidamente acreditados.

- As solicitudes (ANEXO I desta convocatoria) deberán entregarse na Secretaría da Escola Universitaria e nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), neste último caso os aspirantes remitirán, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, copia escaneada da solicitude e a documentación que acompañen ao correo da Escola: Escola.Universitaria.Enfermaria.Ourense@sergas.es

2.1.- OUTRA DOCUMENTACIÓN:

Xunto coa solicitude deberán presentar, debidamente acreditados, os seguintes documentos:

2.1.1 Copia do documento acreditativo de identidade (DNI, Pasaporte).

2.1.2 Copia da titulación esixida.

2.1.3. Currículum Vitae detallado.

2.1.4. Certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios.

2.1.5 PROXECTO DOCENTE referido á materia a impartir, deberá incluír os seguintes puntos:

- o Competencias que ten que adquirir o alumnado .
- o Contidos da materia.
- o Metodoloxía docente.
- o Avaliación do aprendizaxe.
- o Resultados de aprendizaxe.

A acreditación dos méritos e requisitos esixidos, farase mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas. Os documentos orixinais que se tivesen achegado polos/as aspirantes para acreditar os seus méritos, seranlles devoltos ao remate do proceso selectivo.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN :

A selección dos/as aspirantes ao posto convocado, levarase a cabo por un procedemento de concurso de méritos mediante a valoración dos méritos aportados de conformidade co baremo recollido no punto 5 da presente convocatoria. Só se terán en conta os méritos que o/a interesado/a reúna na data de publicación da convocatoria e acredite no prazo de presentación das instancias.

A puntuación total que os/as aspirantes poderán acadar no proceso selectivo será de 100 puntos, distribuídos do xeito que se establece no baremo recollido no apartado 5 da presente convocatoria.

4. COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A Selección levarase a cabo por unha comisión constituída ós efectos por:

- O Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense (en adiante EOXI) ou persoa en quen delegue.
- A Directora da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense ou persoa en quen delegue.
- A Secretaria Académica da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense que actuará como secretaria ou persoa en quen delegue.
- Un/ha profesor/a da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente da comisión de selección (ou persoa en quen delegue), cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei

40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

Esta Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente sobre órganos colexiados.

A efectos de comunicacións, a Comisión terá a súa sede na Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense (Complexo Hospitalario Universitario de Ourense).

5. BAREMO PARA A CUALIFICACIÓN DAS/OS SOLICITANTES

5.1 TITULACIÓN: A puntuación máxima será de 20 puntos.

5.1.1- Expediente académico: a nota media do expediente valorase segundo seguinte baremo: (Máximo 4,5 puntos).

Matrícula de Honra. 4,5 puntos.

Sobresaínte. 3 puntos.

Notable. 2 puntos.

Aprobado. 1 puntos.

5.1.2- Premio extraordinario fin de carreira: 0,5 punto.

5.1.3- Máster ou Especialidade: 5 puntos.

5.1.4- Doutoramento: 10 puntos.

5.2 EXPERIENCIA DOCENTE (na titulación requisito de acceso):

A puntuación máxima será de 20 puntos.

5.2.1- Docencia Universitaria (máximo 15 puntos):

1 punto por cada 10 horas de docencia

5.2.2- Docencia non Universitaria (máximo 5 puntos):

0,5 punto por cada ano de docencia impartida a tempo completo

5.3 EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos.

5.3.1- Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.

- Ata un máximo de 3,5 puntos (0,5 puntos por publicación)

5.3.2- Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.

- Ata un máximo de 2,5 puntos (0,5 puntos por relatorio/comunicación)

5.3.3- Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.

- Ata un máximo de 1,5 punto (0,5 puntos cada participación).

5.3.4- Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.)

- Ata un máximo de 2,5 puntos (0,5 puntos por mérito)

5.4 EXPERIENCIA PROFESIONAL: A puntuación máxima será de 10 puntos.

5.4.1- Valorarase a actividade profesional que requira o título universitario obxecto da convocatoria: ata 2 puntos por ano.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano, procederase ao prorrateo da puntuación.

5.5 PROXECTO DOCENTE:

Valorarase o proxecto presentado de acordo coa súa adecuación á materia obxecto da convocatoria ata un máximo de 40 puntos.

6. PROCEDEMENTO:

6.1 Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Comisión de selección publicará a relación provisional de aspirantes admitidos/as e

excluídos/as, indicando neste último caso a causa de exclusión, e o baremo provisional.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partires do seguinte ao da publicación da citada relación, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión .

Transcorrido este prazo, a Comisión de selección resolverá as reclamacións presentadas e publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, así como o baremo definitivo. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das peticións de emenda e reclamacións, entenderanse implícitas na resolución que se publique.

6.2 En calquera momento do proceso, se a Comisión de Selección tivese coñecemento de que algún/a aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, logo da audiencia ao/á interesado/a, deberá acordar a súa exclusión se procede.

Así mesmo, a Comisión de Selección poderá solicitar a ampliación ou aclaración da documentación aos/ás aspirantes, para os efectos da valoración dos méritos.

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase nos taboleiros de anuncios das oficinas do Servizo de Recursos Humanos do CHUO, e no taboleiro de anuncios da Escola de Enfermaría, así coma na páxina web da Escola de Enfermería e na intranet da EOXI de Ourense.

6.3 De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo/a interesado/a en cada apartado do baremo pola orde da súa numeración.
- De maior a menor idade

7. RÉXIME E EFECTOS DERIVADOS DO PROCESO SELECTIVO:

O persoal seleccionado quedará, pola orde de puntuación obtida, a disposición da Escola Universitaria de Enfermería para a prestación da actividade docente ofertada, suxeito ao seguinte réxime:

7.1 De non incorporarse ao inicio do curso académico, o/a interesado/a perderá os dereitos, podendo ser chamado/a o/a aspirante seguinte, de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Selección.

7.2 Será requisito previo, en todo caso, a obtención previa da "*venia docendi*". expedida polo órgano competente a instancias da Dirección da Escola Universitaria de Enfermería.

7.3 A prestación do servizo será de duración temporal, acotada por curso académico ou outro período que se especifique.

7.4 Requirirase a autorización de compatibilidade nos supostos que contemple a normativa vixente sobre réxime de incompatibilidades do persoal do sector público.

No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse as disposicións contidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei -10/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En Ourense, a 21 de maio de 2019

A directora da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense

ANEXO 1

SOLICITUDE PARA CONVOCATORIA DE POSTO DE PROFESOR/A NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE OURENSE

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	DATA NACEMENTO
DOMICILIO			
CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

EXPÓN:

Que se atopa en posesión dos requisitos esixidos na convocatoria de data 21 de maio de 2019 para optar ao posto de profesor/a a tempo parcial na Escola Universitaria de Enfermería de Ourense

SOLICITA:

Ser admitido/a na convocatoria ao posto de profesor/a na materia Bioquímica

Para o cal presenta a seguinte documentación:

1.-
2.-
3.-
4.-
5.-
6.-

Ourense, ade..... de 20 19

Sinatura do/a Solicitante

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE OURENSE